

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

EXTRACTO da Orde do 23 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A).

BDNS (Identif.): 776934.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias das subvencións as confrarías de pescadores e as súas federacións, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais de reparación de redes e as súas federacións, así como as demais asociacións de profesionais xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector, sempre que desenvolvan as súas actividades profesionais no sector pesqueiro e teñan a súa sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

A orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras xeral e a convocatoria para o ano 2024 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para accións formativas, financiadas polo FEMPA, que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 23 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para accións



formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A).

Cuarto. *Contía*

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito total dun millón catrocentos mil euros (1.400.000,00 €), distribuído en dúas anualidades, con cargo ás aplicacións orzamentarias 46.03.422K.770.0 e 46.03.422K.781.0, código de proxecto 202300177, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondendo setecentos mil euros (700.000,00 €) a cada unha das anualidades, 2024 e 2025.

O detalle da distribución do crédito é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	Código do proxecto	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Total
46.03.422K.770.0	2023 00177	595.000,00 €	595.000,00 €	1.190.000,00 €
46.03.422K.781.0	2023 00177	105.000,00 €	105.000,00 €	210.000,00 €
Total		700.000,00 €	700.000,00 €	1.400.000,00 €

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2024

Marta Barreiro Castro
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

